



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

BASES QUE REXIRAN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN POLO SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN DE UN POSTO DE PEÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA E CONSERVACIÓN FORESTAL, A XORNADA COMPLETA, CONTRATACIÓN SUBVENCIONADA POLA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (APROL RURAL).

Primeira.- Obxecto da Convocatoria

O obxecto desta convocatoria é a contratación como persoal laboral temporal de un/unha peón forestal a xornada completa e durante un período de 9 meses subvencionado polo Programa de Fomento do Emprego en colaboración coas EELL, segundo a Orde de 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (Código procedemento TR351G), (publicada no DOG nº 50 do 13/03/2025);

As retribucións brutas serán as seguintes: 1.381,33 euros/ mensuais.

Ao presente proceso de selección seralle de aplicación o previsto na Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; o artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; a Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no que se refire a persoal laboral temporal e supletoriamente, o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado e o Real Decreto Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral.

Segunda.- Requisitos dos/as aspirantes

A) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público en Galicia que establece “1. *Pueden acceder al empleo público como personal funcionario en igualdad de condiciones con las personas de nacionalidad española:*

- a) Las personas que posean la nacionalidad de otros estados miembros de la Unión Europea.*
- b) Las personas, cualquiera que sea su nacionalidad, que sean cónyuges de personas que posean la nacionalidad española o de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que no estén separadas de derecho.*
- c) Las personas, cualquiera que sea su nacionalidad, descendientes de personas que posean la nacionalidad española o de otros estados miembros de la Unión Europea, siempre que sean menores de veintiún años o mayores de dicha edad dependientes.*
- d) Las personas, cualquiera que sea su nacionalidad, descendientes del cónyuge no separado de derecho de personas que posean la nacionalidad española o de otros estados miembros de la*



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Unión Europea, siempre que sean menores de veintiún años o mayores de dicha edad dependientes.

e) Las personas incluidas en el ámbito de aplicación de los tratados internacionales celebrados por la Unión Europea y ratificados por España en los que sea de aplicación la libre circulación de trabajadores.

2. Se exceptúa de lo previsto en el apartado anterior el acceso a los empleos públicos que directa o indirectamente impliquen participación en el ejercicio del poder público o en las funciones que tienen por objeto la salvaguarda de los intereses de las administraciones públicas.

3. Pueden acceder al empleo público como personal laboral en igualdad de condiciones con los españoles las personas con nacionalidad extranjera a las que se refiere el apartado primero de este artículo, así como los demás extranjeros con residencia legal en España.

Os aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar o cumprimento dalgún dos requisitos anteriores xuntando á solicitude fotocopia compulsada do documento de identidade ou pasaporte.

B) Poseer a capacidade funcional para o desempeño das tarefas. Non padecer enfermidade nin estar afectado por doencia física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións. No caso de minusvalía que non impida o exercicio das súas funcións deberá xustificarse por medio de certificación da Consellería competente da Xunta de Galicia.

C) Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.

D) Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CCAA nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbera sido separado ou inhabilitado. De ser nacional doutro Estado non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

E) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade có disposto na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

F) Estar en posesión do permiso de conducir tipo B1.

Para este posto deberánse cumprir os requisitos do artigo 14 da Orde de 5 de marzo de 2025 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede a súa convocatoria para o exercicio do ano 2025 (Código procedemento TR351G), (publicada no DOG nº 50 do 13/03/2025):



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

- Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego.
- Non poderán ser contratadas as personas que fosen contratadas por un periodo igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2024 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, salvo en concellos rurais de menos de 2.000 habitantes, como é o caso de Irixoa.
- Terán preferencia os colectivos con especiais dificultades de inserción laboral enumerados no apartado 6 do artigo 14 da mencionada Orde de 5 de marzo de 2025;

Todos os requisitos esixidos deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, e manterse ao longo da duración do contrato.

Terceira.- Presentación de solicitudes.- O Concello de Irixoa presentará a correspondente oferta de emprego na oficina do Servizo Público de Emprego de Betanzos, e será ésta a encargada de convocar aos candidatos que reúnan os requisitos esixidos pola oferta e tamén os requisitos necesarios para poder participar nestas contratacións. Asimesmo, estas bases serán publicadas no taboleiro de anuncios do Concello así como na sede electrónica do Concello (<https://sede.irixoa.es>) ós efectos de outorgar a máxima publicidade posible.

Os/as aspirantes deberán presentar unha instancia (Anexo I), dirixida ao Sr. Alcalde, no Rexistro Xeral do Concello de Irixoa, a esta instancia deberán achegar a seguinte documentación:

- A) D.N.I.
- B) Certificados dos cursos/títulos relacionados co posto.
- C) Certificado de coñecemento da Lingua Galega, Celga 2 ou superior, ou equivalente.
- D) Permiso carnet de conducir

O prazo máximo para presentar a documentación será o día 14 de maio de 2025, ás 15:00 horas.

Rematado o prazo de presentación de documentación dictarase a correspondente Resolución de Alcaldía sobre a admisión ou non dos solicitantes, resolución que se publicará no taboleiro de anuncios sito na Casa Consistorial e na sede electrónica do concello de Irixoa (<https://sede.irixoa.es>).

Os solicitantes excluídos terán un prazo de 2 días hábiles para presentar as reclamacións oportunas.

Unha vez resoltas as reclamacións se dictará a resolución sobre a admisión definitiva dos solicitantes e no que se determinará a data para proceder por parte do Tribunal á baremación dos méritos e á realización e posterior avaliación da proba práctica.



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Cuarta.- Fase de concurso (Máximo 5 puntos). A puntuación máxima atendendo ás circunstancias persoais será de 5 puntos distribuídos do seguinte xeito:

- a) Mulleres (0,5 puntos) e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero (1 punto).
- b) Menores de 30 anos (0,5 puntos), en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional (1 punto).
- c) Persoas paradas de longa duración, mínimo 12 meses (1 punto).
- d) Persoas con discapacidade superior ao 33% (0,5 puntos).
- e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (2 puntos).
- f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (2 puntos).
- g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia (1 punto).

Quinta.- Fase de oposición (20 puntos).- Consistirá nunha única proba, de carácter práctica a realizar polos candidatos/as utilizando a ferramenta do concello propia dos postos a desempeñar, na que se valorará a aptitude e disposición para os mesmos.

Dita proba terá carácter eliminatorio. A proba será a seguinte:

1.- A proba práctica será eliminatoria e obrigatoria para os/as aspirantes, cualificándose ata un máximo de 20,00 puntos, sendo eliminados os aspirantes que non alcancen un mínimo de 10,00 puntos.

Os candidatos deberán acudir á proba provistos de DNI ou, na súa falta, pasaporte ou carné de conducir.

A orde de actuación dos aspirantes será seguindo a orde alfabética dos apelidos dos/as aspirantes.

Sexta.- Coñecemento da lingua galega.- Tendo en conta o artigo 35 do Decreto Lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública; aos candidatos/as que non presenten Certificado de coñecemento da Lingua Galega, Celga 2 ou superior, ou equivalente, deberán realizar unha **proba oral de coñecemento da lingua galega**, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que será calificada de apto ou non apto.

Séptima.- Tribunal Calificador.- Estará composto polos seguintes membros:
Presidenta: Úrsula de la Barrera Fernández (Persoal laboral fixo Concello de Irixoa)
Vogal:; José Fernando Espada Orgeira (funcionario Concello de Irixoa), Juan Carlos Golpe Acuña (Persoal laboral fixo do Concello de Irixoa)
Secretario (con voz e voto): Iván Ponte Mahía (secretario- interventor do Concello de Irixoa)



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

Oitava.- Acreditación de méritos.- Os méritos comprendidos no apartado 1 da base cuarta acreditaranse mediante copia compulsada do certificado expedido polo órgano correspondente.

As situacións recollidas no apartado 2 da base cuarta acreditaranse mediante a presentación do permiso de conducir.

O coñecemento da lingua galega acreditarase mediante copia compulsada do certificado correspondente.

Novena.- Criterios de desempate. En caso de empate aplicaranse os seguintes criterios de prioridade:

- A.- Persoas desempregadas maiores de 45 anos.
- B.- Persoas con menor formación académica.
- C.- Mulleres, ó ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ó dos homes.
- D.- Persoas desempregadas menores de 30 anos.

Decima.- Puntuacións.- Finalizado o proceso selectivo, publicaranse as puntuacións no Taboleiro de anuncios e na sede electrónica do concello de Irixoa.

Os candidatos terán un prazo de 2 días para presentar reclamacións. A puntuación total acadada será a suma da puntuación obtida na fase de concurso e na fase de oposición.

Decimoprimeira.-Proposta de contratación. Transcurrido o prazo para a presentación das reclamacións, o Tribunal proporá á alcaldía a contratación da persoa que acade a maior puntuación.

Se o/a candidato/a inicialmente proposto renunciase á contratación, pasaríase a contratar ao seguinte por orde de puntuación e así sucesivamente.

A contratación do/a aspirante seleccionado/a corresponde **ao Sr. Alcalde.**

En todo o non previsto nas presentes bases estarase ao disposto na lexislación laboral e lexislación sectorial complementaria que resulte de aplicación.

En Irixoa, o asina o Sr. Alcalde na data que figura á marxe;



CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA

D./Dña.....,con DNI
número.....e domicilio a efectos de notificacións e comunicación
en.....CP.....localidade.....
.....telf.....

EXPON:

I.- Que ten coñecemento da convocatoria publicada e bases para a selección de 1 peón forestal como persoal laboral temporal non permanente do Concello de Iríxoia.

II.- Que está en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases de selección.

Polo exposto,

SOLICITA: Ser admitido ao correspondente proceso selectivo, aportando a estes efectos a documentación que se achega.

Lugar e data

Asdo.:

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- Fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade
-
-
-
-
- (no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE IRIXOA (A CORUÑA)